



En 2019 o Centro de Estudos Fotográficos presentou o proxecto *Cabodano do traballo editorial* no Centro de Estudos Fotográficos, concibido co propósito de rematar a grande anqueira editorial realizada polo CEF até o ano 2016, un percorrido de trinta anos de historia durante o que editaron corenta e catro libros. A exposición supuxo un punto final a unha actividade mais non un abandono definitivo pois aínda continúa o centro dedicado ao comisariado de mostras e á investigación no mundo da fotografía.

Fiel á súa concepción do ámbito expositivo, o traballo de Manuel Sendón e Xosé Luís Suárez Canal afastábase nesta exposición recopilatoria dos tópicos conmemorativos e optaba pola realización dun proxecto específico para o espazo de Afundación en Vigo que xiraba ao redor da historia editorial e expositiva do mesmo CEF, documentando de xeito singular a traxectoria desenvolvida e convidando a tres creadores: Ana Soler, Fran Herbello e Joan Fontcuberta a realizaren pezas inspiradas nas publicacións do Centro de Estudos Fotográficos. Con *Cabodano II* principa unha nova etapa desta iniciativa pondo ao dispor de diferentes artistas novamente os libros que ficaron dos distintos proxectos do Centro de Estudos Fotográficos, nomeadamente exemplares da colección *Do Trínque*.

A escolla da Facultade de Belas Artes de Pontevedra (Universidade de Vigo), para iniciar esta nova andaina, que se vai mostrar fundamentalmente a través das redes sociais, obedece a que a colección xorde na Escola pontevedresa no ano 1993. De feito a vinculación da colección *Do Trínque* coa facultade de Belas Artes de Pontevedra foi moi estreita xa que dos vinte e dous que compoñen a colección, dez corresponden a persoas vinculadas coa facultade, moitas delas iniciadas no ámbito expositivo e editorial cando cursaban alí a materia de fotografía.

A primeira artista convidada para esta nova iniciativa *Cabodano II* é a pintora Almudena Fernández Fariña que desenvolve o proxecto *Foi iso*, título tirado do famoso ensaio de Roland Barthes *A cámara clara*. “Foi iso” é para Roland Barthes o trazo inimitable da fotografía (“o seu noema”) porque representa o que “estivo irrecusabelmente presente”, e non obstante xa diferido.” Almudena Fernández Fariña desenvolve esta idea

Segundo a argumentación da autora, que segue a Barthes, os libros (significantes) e o que escriben (significado) son como “a esencia da fotografía, ratifican o que ao mesmo tempo representan”, é dicir, os libros dan fe da existencia dunha colección que estivo “irrecusabelmente presente” e, ao mesmo tempo, manifestan un fin de ciclo: o “xa diferido”.

Os libros que escriben “Foi iso” (negativos) e as letras resultantes do seu corte (positivos), utilizan o propia moblaxe da biblioteca para integrárense no espazo: sitúarense nos andeis, nas mesas de estudo ou acomódanse nos expositores de novidades a carón dos exemplares doutros libros da colección que o público ten ao seu dispor.

A obra presentada fai fincapé no pasado dunha actividade editorial, mais a súa instala-

ción na biblioteca de Belas Artes non é unha despedida senón unha homenaxe aos libros dunha colección que, no futuro, rescarán e/ou conservarán unha memoria, certificando que a súa existencia, efectivamente, ese “foi iso” protagonista da peza.

O traballo de Almudena Fernández Fariña tamén hai que enténdelo desde o punto xenérico no ronsel do pensamento barthiano para o que a pintura, de seu, pode simular a realidade sen a ter visto, mais a fotografía funciona de maneira distinta. Para Barthes o discurso combina uns signos que teñen uns referentes, mais estes referentes poden ser e son a miúdo

por medio da utilización dos libros sobrantes da colección *Do Trínque*, publicacións de pequeno formato que a artista corta adoptando a forma de letras que compoñen a frase “Foi iso”.

Daquela, a acción da artista tórnase sintomática da nosa realidade cultural –no sentido máis amplo da acepción– porque nos presenta certas tendencias no uso do obxecto e da imaxe no mundo actual e tamén porque permite a reflexión sobre o sentido profundo, sobre o valor plural, mesmo desde a perspectiva puramente lingüístico-conceptual da imaxe na sociedade contemporánea, en que non hai practicamente ningunha tenza da nosa realidade en que non estea presente.

Título: *Foi iso*
Lugar: Biblioteca da Facultade de Belas Artes, Pontevedra
Proxecto: *Cabodano II*
Comisariado: Manuel Sendón e Xosé Luís Suárez Canal

Nas imaxes:
diferentes
aspectos da mostra
nos locais da Biblioteca
da Facultade de Belas
Artes (Pontevedra).

FOTOS: @ELIREGUEIRA



No ronsel de Roland Barthes

“quimeras”. Ao contrario desas imitacións, na fotografía non se pode negar nunca que a cousa estivo alí -o “foi iso”-. Hai unha dobre posición conxunta: de realidade e de pasado. E, xa que esta coacción non existe máis que para ela, debe ser considerada, por redución, como a propia

esencia, o noema da fotografía. O que Barthes procura nunha fotografía non é nin a Arte nin a Comunicación, é a Referencia, que é a orde fundadora da fotografía. O “foi iso” de Almudena Fernández Fariña cómpre enténdelo, pois, como unha reelaboración práctica deste concepto.